

Bloque

Mondoñedo

Número 2. Época 1ª / Setembro 2007

“ O BNG acadou os mellores resultados da súa historia ”

Envío Postal sen enderezo


O nacionalismo galego chega á alcaldía de Mondoñedo

Só se pode cualificar de éxito, os resultados acadados nas últimas eleccións municipais polo Bloque Nacionalista Galego de Mondoñedo, unha candidatura encabezado por Orlando González Cruz, e completada con persoas dunha indubidable capacidade, fixo que os nosos veciños e veciñas elixiran para ocupar a alcaldía de Mondoñedo ao BNG. Coma resultado da obtención de catro concellais: Orlando González, Anxo Díaz, Xusto Fdez. Haro e Victor Vila. A confianza que os veciños e veciñas mostraron, viuse reflectido nas urnas onde o BNG acadou os mellores resultados da súa historia, pasando dos 587 votos (17,78%) no 2003, aos 1032 votos (31,68%) destas eleccións; isto supón dobrar o numero de votos con respecto as eleccións do 2003, e tendo en conta a alta participación (rondou o 80%), confírelle a estes resultados aínda maior valor.

As forzas progresistas superaron á dereita representada polo PP en 8 das 9 mesas que temos no Concello. A dereita so superou ás



Anxo Díaz, Orlando González, Victor Vila e Xusto Fdez. Haro



forzas de esquerda na parroquia de Sta Mª Maior, a pesares de que o BNG dobrou en número de votos nesa parroquia con respecto as eleccións do 2003. A nivel global e de xeito comparativo; na gráfica que a continuación se adxunta, poden verse os datos comparando os resultados das eleccións do 2003 con respecto as do 2007, así como o reparto de concelleiros/as. Pode dicirse que este resultado electoral non fixo mais que ratificar

o traballo que o longo dos últimos 20 anos, viñeron desenvolvendo os nosos compañeiros e compañeiras do BNG no Concello de Mondoñedo. Un traballo sempre guiado polo obxectivo de traballar de xeito serio e honrado polo noso concello; a partir de agora e despois de ter acadado a alcaldía nun pacto de goberno co PSOE, ábrese un camiño de futuro e progreso, guiado por valores nacionalistas e de esquerdas en Mondoñedo.



Edita: BNG Mondoñedo

Orlando González Cruz, alcalde de Mondoñedo



Orlando González Cruz é o primeiro alcalde nacionalista de Mondoñedo, xunto aos outros tres concelleiros do BNG, lidera un goberno de coalición que está a ilusionar aos mindonienses. No primeiro boletín “Bloque Mondoñedo” concedeunos unha entrevista na que se presentaba coma candidato á alcaldía polo BNG, neste segundo “Bloque Mondoñedo” contamos de novo coa súa presenza, desta vez non coma candidato senón coma alcalde de Mondoñedo.

Existe algunha receita máxica que permita repartilo tempo entre familia, Concello e a súa profesión de médico?

Estou tódolos días no Concello. O resto do tempo adícollo á familia e a miña profesión. O gran sacrificado é o meu tempo de lecer, de feito agora xa non vou xogar a partida ao bar.

O BNG obtivo catro concelleiros nas pasadas eleccións de maio, a importante suba no voto nacionalista permitiu un cambio de goberno en Mondoñedo. Onde están as

claves do éxito electoral?

Presentamos unha candidatura seria, responsable e compensada, da que formaba parte xente con ampla traxectoria política dentro e fora do Concello, contamos tamén coa intensa colaboración dos membros da Asemblea Local do BNG. O candidato era unha persoa ben coñecida polos mindonienses; xa que debido a miña profesión de médico, manteño un contacto directo coa xente. Por

outra parte, está o desgaste político do PP durante a súa xestión a fronte do Concello. Os cidadáns tiñan unha percepción de abandono no tocante a xestión do anterior goberno.

Durante a campaña electoral, as perspectivas do BNG eran boas, vostede incluso chegou a dicir nunha entrevista que aspiraba a conseguir maioría absoluta. En realidade foi todo tan doado?

Como xa comentei antes, o desgaste do Partido Popular e o enorme traballo do BNG durante a campaña electoral, son dous factores a ter en conta. Fomos o grupo político que máis e mellor traballou durante as eleccións, tanto no casco coma nos barrios e parroquias

Os concelleiros nacionalistas que o acompañan no goberno, teñen ampla experiencia na política municipal. Isto semella unha vantaxe para encarar novos proxectos...

Coñecen o sistema político de Galiza, isto facilita o traballo coas consellerías e coas distintas delega-

cións provinciais, permitindo deste xeito acadar novos proxectos para Mondoñedo

A comunicación entre o Concello de Mondoñedo e a Xunta de Galiza durante a lexislatura anterior, foi escasa ou case nula. Iso está a mudar co BNG gobernando en Mondoñedo?

O goberno anterior do PP rompeu relacións coa Xunta de Galiza, antepoñendo intereses de partido aos de Mondoñedo. Co BNG a fronte do Concello, o acceso as consellerías da Xunta de Galiza estase a caracterizar pola fluidez e o diálogo.

Dende a sesión de investidura, o equipo de goberno non parou. As actas dos plenos, son fiel reflexo do dinamismo que se vive no Concello, contrastando co inmovilismo sufrido durante a lexislatura anterior. Non debe resultar doado manter este ritmo?

Na actualidade, o grupo de goberno fai un traballo intenso, iso é posible grazas ao traballo constante dos concelleiros do BNG xunto aos do PSOE.

“O acceso as consellerías da Xunta de Galiza estase a caracterizar pola fluidez e o diálogo”

Cómo ves as opcións do BNG de cara ás eleccións xerais de marzo?

O discurso do Bloque de Mondoñedo ten que calar nos cidadáns, e convencer de que o BNG é a mellor opción para esta nación. O traballo diario, vai facer que a xente vexa ao BNG coma un partido político que se preocupa polos intereses dos cidadáns, antepoñendo sempre Galiza ao resto do estado español.

O Consello de Contas revela as irregularidades do goberno municipal do PP



CONSELLO DE CONTAS
DE GALICIA

INFORME DE FISCALIZACIÓN DO
CONCELLO DE MONDOÑEDO

EXERCICIOS 2003-2004

Tralas eleccións saíu á luz pública un documento que en principio estaba “desaparecido”: o informe do Consello de Contas. A aparición deste documento demostra que a transparencia está chegando ó noso Concello a través do novo goberno liderado polo BNG. En dito informe, fiscalízase a xestión económico-financieira correspondente aos exercicios 2003 e 2004, con isto preténdese analizar as causas que motivan o incumprimento da obriga de render contas segundo a Lei do Consello de Contas de Galiza. As irregularidades detectadas son innumerables, entre outras:

Incumprimento reiterado dos prazos da aprobación do Orzamento do Concello.

Non se tramitan expedientes administrativos para realizar as modificacións do Orzamento inicialmente aprobado pola Corporación, modificacións polo

importe de 1.811.039,27 euros (2003) e 605.172,09 euros (2004).

A forma de selección de persoal laboral non garante o respecto dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade para o emprego público.

Detéctase un complemento de produtividade distribuído pola Alcaldía a determinados traballadores, sen que consten as razóns xustificadas das diferenzas nas contías percibidas. Non consta o cumprimento da esixencia de coñecemento público destas percepcións.

No que se refire ás contratacións administrativas; maniféstase a utilización inadecuada dos procedementos e formas de adxudicacións.

En canto ao outorgamento de subvencións; estas fanse de forma directa, sen que existan bases reguladoras para a súa concesión, vulnerándose os principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

Detéctase a inexistencia de informe xurídico sobre a conformidade da licenza coa legalidade urbanística.

Non existe a comprobación administrativa para practicar a liquidación definitiva do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, podendo isto xerar un grave prexuízo ás arcas municipais.

Todo isto e máis, está a disposición de tódolos mindonienses nas

oficinas do Concello, preguntando polo informe do Consello de Contas. Para rematar citaremos unhas palabras textuais quitadas de dito informe: “*detéctanse incidencias que cuestionan o sometemento da actividade económico-financiera ao principio de legalidade*”, quedando patente “*a escasa prioridade outorgada á rendición de contas e á suxeición aos deberes que conleva o sometemento ao réxime de contabilidade pública*”.

“ **detéctanse incidencias que cuestionan o sometemento da actividade económico-financiera ao principio de legalidade** ”

A responsabilidade do Partido Popular ante as graves irregularidades detectadas polo Consello de Contas durante a súa xestión a fronte do Concello, déixano nunha situación delicada, ante uns feitos sobradamente contrastados. Aínda así, o anterior alcalde e actual membro do Partido Popular de Mondoñedo; o señor Luís Rego, saíu novamente aos medios de comunicación para defender mediante insultos e descualificacións persoais contra o actual goberno municipal, a súa polémica xestión á fronte do Concello de Mondoñedo.

A Contracapa

Os cen primeiros días

Recen cumpridos os primeiros cen días de goberno, as xestións e medidas impulsadas pola nova corporación, amosan ben as claras o seu dinamismo e capacidade de traballo:

Convenio coa Consellería de Innovación e Industria para o desenvolvemento dun proxecto piloto que pretende dotar de acceso a Internet (mediante a tecnoloxía WIMAX) aquelas zonas rurais que carecen das infraestruturas necesarias. Tamén está previsto a creación dun Centro Telemático equipado con equipos informáticos que contribuirán á formación no campo das tecnoloxías da información e as comunicacións. Este proxecto está financiado pola Consellería de Industria.

“ amosan ben as claras o seu dinamismo e capacidade de traballo ”

Aprobouse a entrada de Mondoñedo no Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). Supón formar parte dun circuíto estábel (e periódico) de actuacións culturais no auditorio. As entradas para estes espectáculos terán un custe entre 2 e 5 euros, dependendo do nivel dos espectáculos. Non afectan ao custe de outro tipo de actuacións; as cales continuarán sendo de balde.

Un grupo de voluntarios organizados pola Asamblea Local do BNG de Mondoñedo, realizou ao comezo do verán traballos de limpeza e acondicionamento no canal e a piscina fluvial do Coto, “A Fervenza”. Este grupo de voluntarios, fixeron traballos de roza da maleza; ademais da extracción de polas, troncos e pedras. A motivación destes traballos, é a posta en valor dun dos principais recursos para o disfrute do tempo de lecer dos mindonienses.



Contratáronse os accesos ao auditorio pola rúa Marina Mayoral.

Dende o Concello procedeuse a limpeza de espazos urbanos e de pistas. Tamén están a actuar; a Consellería de Medio Rural, e a Deputación Provincial nas pistas da súa titularidade. Ao mesmo tempo, estanse a realizar xestións para a compra da maquinaria axeitada que permita dar un mellor servizo nos traballos de roza.

Establécese un novo sistema de contratación para o Concello, garantindo a transparencia, obxectividade e igualdade de oportunidades. Mediante unhas bases xerais, máis outras específicas en función da praza a contratar.

Acordouse a realización dunha auditoría externa dos exercicios 2005, 2006 e 2007. Esta auditoría permitirá clarificar e dar a coñecer a situación económica real do Concello.

Aprobouse a petición dunha subvención á Xunta de Galiza para a redacción dun Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), instrumento vital e necesario para a xestión do territorio e do urbanismo no Concello.

Mercado Medieval: as contas están feitas e as facturas aprobadas. Este ano, o Mercado Medieval deu un resultado de superávit, o balanço será presentado en breve.

O boletín “**Bloque Mondoñedo**” está financiado integramente polo BNG.

Como contactar co BNG de Mondoñedo:
Apartado de correos 19
27747 Mondoñedo (Lugo)
Tlfs. 605 788 699 – 650 713 798

